



Caza con Arco, o gran atractivo da Federación.-

A FGC ESTIVO PRESENTE EN SIDENATUR CUN STAND E VARIAS ACTIVIDADES

Durante os pasados días 22, 23 e 24 de setembro, os afeccionados á caza, pesca e turismo natural, tiveron unha cita no Salón Internacional Sidenatur, ubicado a carón do río Miño, no recinto Feiral de Lugo.

O Salón era inaugurado o venres, polo Conselleiro de Industria e polo Alcalde da cidade, e contou tamén coa asistencia do Presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón, e do Presidente Provincial da Federación en Lugo, Francisco López Penela, entre outras autoridades.

Trala inauguración, Gómez Cortón e López Penela, desprazáronse ao stand que instalou a Federación Galega de Caza, e que durante os tres días que durou a feira recibiu a miles de visitantes, que aproveitaban para solicitar información e para otea-las películas de caza que se proxectaban nunha gran pantalla.

Ademais do stand, a FGC organizou actividades de Cans de Parada, Cetrería e Tiro con Arco, a cargo dos mellores deportistas da modalidade. Demostracións que espertaron un extraordinario interese entre o público asistente á Feira, de feito mentres se celebraban as mostras o recinto feiral quedábase practicamente baleiro.

O sábado, sobre as 12 horas da mañá, comezaba a exhibición de Cans de Parada, a cargo do actual subcampeón de España de Caza San Huberto, José Sanmartín, e do ex-subcampeón do Mundo e ex-subcampeón de España, Jorge Martín; poñéndose de manifesto unha vez máis o excelente nivel dos deportistas galegos da modalidade, así como o extraordinario adestramento e as cualidades inherentes á raza dos cans participantes. A nota simpática puxérona uns cachorros de pointer e setter que participaron na demostración.

Xa pola tarde, a exhibición correspondía a Cetrería, a cargo do actual campión Galego, Manuel Comesaña, que tentou face-lo lance cunha prima de azor.

O prato forte da Feira foi o domingo durante a demostración de tiro con arco, na que tanto os máis pequenos como os maiores disfrutaron desta apaixonante práctica. A mostra corría a cargo do equipo de competición do Club Poutomillos Breogán, entre os que figuraban actual subcampeón de España de Arco Asistido, José Manuel Arias, e do subcampeón Galego da modalidade, Héctor López.

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA FGC

25.09.2006

www.federaciongalegadecaza.com



O actual subcampeón de España de Caza San Huberto, José Sanmartín, e o ex-subcampeón do Mundo e ex-subcampeón de España, Jorge Martín



Stand que instalou a Federación Galega de Caza, e que durante os tres días que durou a feira recibiu a miles de visitantes, que aproveitaban para solicitar información e para otea-las películas de caza que se proxectaban nunha gran pantalla



A exhibición de Cetrería foi a cargo do actual campión Galego, Manuel Comesaña, que tentou face-lo lance cunha prima de azor.



O prato forte da Feira foi o domingo durante a demostración de tiro con arco, na que tanto os máis pequenos como os maiores disfrutaron desta apaixonante práctica.



A mostra corría a cargo do equipo de competición do Club Poutomillos Breogán, entre os que figuraban actual subcampeón de España de Arco Asistido, José Manuel Arias, e do subcampeón Galego da modalidade, Héctor López.